

POLÍTICA DE CALIDADE

GALICIA CALIDADE é consciente de que a calidade é un factor clave para a prestación dun servizo eficiente e de crucial necesidade para a supervivencia de calquera organización.

Dende a Administración Pública sabemos que a mellora continua e o único camiño cara a consecución dun servizo áxil, eficaz, eficiente e de calidade para os administrados, e polo tanto aí o noso compromiso.

Como sociedade pública obrigámonos a cumprir os requisitos legais, regulamentarios e outros requisitos que poidamos subscribir, establecendo os seguintes **obxectivos**:

- Como organización ao servizo da sociedade debemos facilitar o acceso de produtos galegos á marca de garantía, pero sen descoidar a actividade de control e seguimento que implique, que a confianza e garantía que ofrecemos, se reflicta neses produtos e servizos.
- Potenciar a labor de promoción dos produtos, fundamentalmente de sectores produtivos básicos de Galicia, para divulgar o significado e valor que ten un produto ou servizo amparado pola Marca, contribuíndo así á excelencia na procura da mellora continua que garanta a súa vantaxe competitiva, e establecer un plan de comunicación da marca, así como do significado desta nos mercados de competencia dos produtos e servizos amparados (tanto en Galicia coma en mercados do estado español e nos mercados internacionais).

A nosa **Misión** é distinguir, pola súa calidade diferenciada e pola súa orixe Galega, aos produtos Galegos, e promocionalos, para asegurar unha adecuada presenza no mercado galego e reforzar a súa comercialización en mercados foráneos.

Entre os **VALORES** da sociedade atópanse:

- Vocación de servizo público de calidade á sociedade galega
- Honestidade e xustiza social. Responsabilidade, transparencia e obxectividade.
- Aposta pola innovación, a internacionalización e a creatividade, con visión sustentable da produtividade nas empresas
- Motor impulsor da economía galega trala crise da COVID-19.

En Santiago de Compostela, a data de sinatura electrónica.

Asdo. Ana Méndez Gil

DIRECTORA-XERENTE DE GALICIA CALIDADE, S.A.U.

